

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**20205** *REAL DECRETO 1543/2007, do 23 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 16/2006, do 20 de xaneiro, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.* («BOE» 282, do 24-11-2007.)

Os programas e fondos operativos establecidos no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, do 28 de outubro de 2006, polo que se establece a organización común de mercados no sector de froitas e hortalizas, están regulados en España polo Real decreto 16/2006, do 20 de xaneiro, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, norma que desenvolve o Regulamento (CE) n.º 1433/2003 da Comisión, do 11 de agosto de 2003, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, no que se refire aos programas e fondos operativos e á axuda financeira.

O artigo 15 do citado real decreto establece que os programas operativos poderán incluír, como concepto de gasto, o custo da xestión ambiental de envases reciclables e reutilizables, por un tanto alzado do 17 por cento do custo de adquisición ou aluguer.

O Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, do 28 de outubro de 2006, establece que a axuda financeira ás organizacións de produtores que constitúan fondos operativos para o financiamento dos seus programas operativos está limitada ao 50 por cento do importe dos gastos reais pagados por estas.

Dado que a reciclaxe dos envases de expedición non a realizan directamente as organizacións de produtores, parece máis adecuado substituír este sistema de imputación de custos por un novo sistema consistente en acreditar debidamente o custo real da citada xestión ambiental, polo que se introduce a obriga de presentar a documentación acreditativa do custo aboado pola organización de produtores.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de novembro de 2007,

## DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 16/2006, do 20 de xaneiro, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

O artigo 15 do Real decreto 16/2006, do 20 de xaneiro, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, substitúese polo seguinte texto:

«Artigo 15. *Custos unitarios.*

1. No caso de utilización de micelio, plantas certificadas e sementes definidas como «certificada» ou «de base» no Regulamento técnico de control e certificación de sementes e plantas hortícolas aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, os programas operativos poderán incluír como concepto de gasto, un tanto alzado do 60 por cento do seu valor. Este

montante non poderá superar o 35 por cento do fondo operativo aprobado, efectivamente executado.

Os programas operativos que se atopen en estado de execución no 1 de xaneiro de 2004 e que tivesen aprobado como concepto de gasto a adquisición de semente certificada, só poderán financiar a través dos fondos operativos sementes subministradas por provedores inscritos no rexistro de produtores do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou nos rexistros de importadores ou comercializadores das comunidades autónomas. O importe aprobado para este concepto no programa operativo non poderá ser obxecto de aumento.

2. Custos de persoal derivados da aplicación de medidas para mellorar ou manter un elevado nivel de calidade ou de protección ambiental, ou para mellorar o nivel de comercialización. Estes custos de persoal poderán:

a) Xustificarse debidamente mediante os gastos reais.

b) Expresarse como un importe a tanto alzado que non poderá superar o 14 por cento do importe total do fondo operativo aprobado. No caso de elixir esta opción, deberanse especificar as tarefas que executará o persoal correspondente e o desenvolvemento destas deberase xustificar para poder percibir a axuda comunitaria.

As opcións descritas nas anteriores alíneas serán excluíntes.

3. O custo da xestión ambiental dos envases reciclables e reutilizables recollido na letra c) do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 da Comisión, do 11 de agosto de 2003, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, no que se refire aos programas e fondos operativos e á axuda financeira, poderá incluírse como concepto de gasto nos programas operativos polo montante do citado custo, limitado ao 35 por cento do fondo operativo aprobado, efectivamente realizado, e ao 17 por cento do custo da súa adquisición no caso de envases reciclables ou do custo do aluguer en caso de envases reutilizables.

O pagamento efectivo deste custo pola organización de produtores deberá estar debidamente xustificado.

4. A parte do fondo operativo aprobado, e realmente executado, destinada ao conxunto dos custos específicos referidos nos puntos 1 e 3 do presente artigo, non poderá superar o 50 por cento deste.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e aplicaráselles a todos os investimentos dos programas operativos financiados con fondos operativos constituídos a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Dado en Madrid o 23 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA